



O ARCEBISPO
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Exp.: VI 002/25
Nº Reg.: RS 0003/25
Fecha: 02/01/2025

**FRANCISCO JOSÉ PRIETO FERNÁNDEZ
POLA GRAZA DE DEUS E DA SÉ APOSTÓLICA
ARCEBISPO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

DECRETO

**sobre as disposicións diocesanas para o Xubileu 2025
«Peregrinos de Esperanza»**

Con data do pasado 9 de maio, Solemnidade da Ascensión do noso Señor Xesús Cristo, o Papa Francisco facía pública a Bula *Spes non confundit* –«A esperanza non defrauda»–, mediante a cal convocaba a toda a Igrexa ao Xubileu ordinario de 2025 baixo o lema “Peregrinos de Esperanza”, convidando a todos os fieis do mundo para vivir un tempo privilexiado de conversión, penitencia e renovación espiritual.

O Xubileu comezará o día 24 de decembro deste ano 2024 mediante a apertura da Porta Santa da Basílica de San Pedro, no Vaticano, e concluirá co peche da mesma o día 6 de xaneiro de 2026.

Seguindo as indicacións da citada Bula e do Decreto da Penitenciaría Apostólica do 13 de maio de 2024, o Santo Pai dispón que o Xubileu sexa celebrado tamén en todas as Igrexas particulares, para que todos os fieis poidan lucrarse das grazas xubilares na súa propia diocese.

Atendendo a este Decreto da Penitenciaría Apostólica e tomando en conta a facultade dada ao Bispo diocesano para a aplicación das disposicións universais no territorio diocesano, polas presentes e en relación coa nosa arquidiocese de Santiago de Compostela,



O ARCEBISPO
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

DISPOÑEMOS

1. Apertura do Xubileu na Diocese.

A teor do establecido no nº 6 da Bula citada do Santo Pai, na que se indica que o Bispo diocesano celebrará nas Catedrais a Eucaristía, como apertura solemne do Ano xubilar, o domingo 29 de decembro de 2024, festividade da Sagrada Familia.

Na nosa diocese compostelá, a apertura solemne comezará ás catro e media da tarde na igrexa conventual de San Francisco coa ‘estación’, seguida da peregrinación á S.A.M.I. Catedral, onde se celebrará a Eucaristía.

2. Templos xubilares na Diocese.

Dado que o Decreto da Penitenciaría Apostólica (cf. apdos. I-II) faculta aos Bispos diocesanos a designar algúns lugares sagrados xubilares na propia diocese, nos que se poderá gañar a graza xubilar (indulxencia plenaria), nas condicións habituais (cf. Manual de indulxencias 17-20), determino que, na arquidiocese de Santiago de Compostela, estes lugares sacros xubilares serán:

2.1. Nas sagradas peregrinacións:

- cara á Santa Apostólica Metropolitana Igrexa Catedral;
- cara a un templo determinado en cada arciprestado, durante a duración nel da “semana xubilar”, que se designará no seu momento.

2.2. Nas piadosas visitas aos lugares sagrados:

- a Santa Apostólica Metropolitana Igrexa Catedral de Santiago;



O ARCEBISPO
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

- os santuarios marianos, a saber: Nosa Señora da Barca (Muxía, A Coruña), Nosa Señora dos Milagros de Amil (Moraña, Pontevedra) e Nosa Señora de Pastoriza (Arteixo, A Coruña).

3. *Indulxencia plenaria.*

A teor do Decreto da Penitenciaría Apostólica, os fieis que estean verdadeiramente arrependidos dos seus pecados, e que, excluindo todo afecto ao pecado e movidos polo espírito de caridade, cumpran as condicións afeitas – confesión sacramental, comunión eucarística e oración polas intencións do Romano Pontífice–, poderán obter Indulxencia plenaria unha vez ao día para si mesmos ou tamén aplicala polas almas dos fieis defuntos e, mesmo, dúas veces ao día se se volve a comulgar lexitimamente, destes modos posibles:

a) *Nas peregrinacións* cara a calquera dos templos xubilares establecidos no nº 2.1., participando devotamente na Santa Misa, nunha Misa ritual para administrar os sacramentos de iniciación cristiá ou a Unción dos enfermos, na celebración da Palabra de Deus, na Liturxia das Horas, no Vía Crucis, no rezo do santo Rosario, nunha celebración penitencial, que conclúa coas confesión individual dos penitentes, como está establecido no rito da Penitencia (forma II);

b) *Nas piadosas visitas aos lugares sacros citados* no nº 2.2, cando, individualmente ou en grupo, os visiten devotamente e alí, durante un período de tempo adecuado, realicen a adoración eucarística e meditación, concluindo co Noso Pai, a Profesión de Fe en calquera forma lexítima e invocacións a María, Nai de Deus, para que neste ano Santo todos “poidan experimentar a proximidade da máis afectuosa das nais que nunca abandona aos seus fillos” (*Spes non confundit*, n. 24).



O ARCEBISPO
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Os fieis que non poidan participar por graves motivos nas solemnes celebracións, nas peregrinacións e nas visitas citadas (especialmente as monxas de clausura, os anciáns, os enfermos, os reclusos, como tamén aqueles que, en hospitais ou noutros lugares prestan servizo continuo aos enfermos), poderán obter a Indulxencia xubilar na condicións establecidas se se unen en espírito aos fieis que participen presencialmente, particularmente nas celebracións do Sumo Pontífice ou do Bispo diocesano transmitidas a través dos medios de comunicación, e reciten alá onde se atopan (p. ex. na capela do mosteiro, do hospital, da residencia de anciáns, do cárcere...) o Noso Pai, a Profesión de Fe en calquera forma lexítima e outras oracións conforme ás finalidades do Ano Santo, ofrecendo os seus sufrimentos ou dificultades da propia vida.

c) *Co exercicio das obras de misericordia e de penitencia.* No Ano xubilar “estamos chamados a ser signos tanxibles de esperanza para tantos irmáns e irmás que viven en condicións de penuria” (*Spes non confundit*, n. 10). Así pois, os fieis poden obter a Indulxencia xubilar mediante o exercicio das obras misericordia e de penitencia, especialmente cos irmáns que se atopan angustiados por diversas necesidades, coas cales testemuñan a conversión emprendida.

Así, os fieis poderán obter a Indulxencia xubilar se visitan durante un tempo aos irmáns que se atopan en necesidade ou en dificultade (enfermos, encarcerados, anciáns en soidade, persoas con capacidades diferentes...), como realizando unha peregrinación cara a Cristo presente neles (cfr. Mt 25, 34-36) e cumprindo as habituais condicións espirituais, sacramentais e de oración. O cárcere, lugar de sufrimento, pero tamén de esperanza no Deus do perdón e a misericordia, é espazo propicio ao signo que o Xubileu representa. A capela do Centro Penitenciario de Teixeiro será templo xubilar para os que alí se atopan privados de liberdade, pero a Pastoral Penitencial visitará ao longo do ano diferentes parroquias da diocese, ademais do Seminario



O ARCEBISPO
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Maior, ofrecendo espazos de encontro, testemuño e oración, nos que se poderán gañar as grazas xubilares e profundar no valor da penitencia, o perdón, e a reinserción social.

A Indulxencia plenaria xubilar poderá ser conseguida tamén mediante iniciativas que axuden de modo concreto e xeneroso ao espírito penitencial, redescubriendo en particular o valor penitencial do venres: absténdose, en espírito de penitencia, polo menos durante un día de distraccións banais (reais e tamén virtuais, inducidas, por exemplo, polos medios de comunicación e polas redes sociais) e de consumos superfluos (por exemplo xaxuando ou practicando a abstinencia segundo as normas xerais da Igrexa e as especificacións dos bispos), así como outorgando unha proporcionada suma de diñeiro aos pobres; sostendo obras de carácter relixioso, caritativo ou social, especialmente en favor da defensa e protección da vida en cada das súas etapas e da calidade da mesma, da infancia abandonada, da mocidade en dificultade, dos anciáns necesitados ou sos, dos migrantes “que abandonan a súa terra en busca dunha vida mellor para eles e as súas familias” (*Spes non confundit*, n. 13); ou dedicando unha parte do propio tempo libre a actividades de voluntariado, que sexan de interese para a comunidade ou outras formas similares de compromiso persoal.

Ademais, os fieis poderán conseguir a Indulxencia xubilar se, con ánimo devoto, participasen en exercicios espirituais ou outros encontros de formación sobre os textos do Concilio Vaticano II e do Catecismo da Igrexa Católica, que se realicen nunha igrexa ou outro lugar adecuado, segundo a intención do Santo Pai.

d) *Recibindo a Bendición Papal.* Dado que os bispos estamos facultados a impartir a Bendición Papal con Indulxencia plenaria con motivo do Ano Xubilar, conseguible por todos os fieis que a reciban coas habituais condicións, anuncio que impartirei a Bendición Papal con Indulxencia plenaria ao final das Misas de apertura diocesana do Xubileu na Catedral e na xornada



O ARCEBISPO
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

de clausura, ademais doutras celebracións solemnes que poida presidir en cada templo xubilar ao longo deste ano Santo.

4. Iniciativas xubilares diocesanas.

4.1. Os arciprestados da Diocese promovan “semanas xubilares” con peregrinacións cara aos templos que se poderán designar, celebracións eucarísticas, liturxias penitenciais e iniciativas caritativas e culturais que encarnen o espírito do Xubileu, con particular atención ás obras da misericordia.

4.2. Os sacerdotes dedíquense de modo particular a favorecer, durante o Ano Santo, no pobo santo de Deus unha froitosa experiencia do **sacramento da Reconciliación**, poñéndose xenerosamente ao dispor dos fieis, para que poidan achegarse á confesión sacramental con confianza e apertura de espírito. É por isto, que concedo a todos os cóngos e sacerdotes, que na Catedral e nos templos xubilares escoiten as confesións dos fieis, a facultade ordinaria do cóngo penitenciario de que fala o can. 508, § 1 do CIC, é dicir, de absolver no foro sacramental as censuras *latae sententiae* non declaradas nin reservadas á Santa Sé.

4.3. Os sacerdotes, xunto cos catequistas e os responsables de delegacións, promovan formas específicas de **catequeses** sobre o significado de Xubileu, como tamén iniciativas culturais que poidan iluminar aspectos particulares do Ano Santo, segundo o espírito indicado polo Santo Pai Francisco na Bula de indicción do Xubileu *Spes non confundit*.

4.4. Que o Xubileu sexa unha oportunidade para que todas as parroquias, comunidades relixiosas e grupos de laicos se convertan en instrumentos de esperanza a través de **obras concretas de caridade e solidariedade**, especialmente a favor dos pobres e os menos favorecidos. Por tanto, encontremos métodos e iniciativas que traduzan a esperanza en compromisos



O ARCEBISPO
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

concretos para os necesitados, os migrantes, os anciáns, os enfermos, os presos, a paz e a protección do medio ambiente.

4.5. A peregrinación será o signo distintivo do Xubileu, signo da Igrexa que camiña detrás da Cruz do Señor Xesús, en comunión con todos os irmáns. Por tanto, a Arquidiocese emprenderá unha **peregrinación diocesana a Roma do 24 ao 29 de agosto**, onde cruzaremos a Porta Santa das Basílicas papais, signo de comunión coa Igrexa de Roma e o seu Pastor.

4.6. A Santa Sé preparou un calendario temático para o Ano Xubilar, dedicando días individuais a algunhas **categorías específicas de persoas e grupos**, aos que é posible e desexable inscribirse. Pido ás comunidades parroquiais e aos grupos de laicos que alenten e programen, desde agora, a participación dos mozos, dos catequistas e das familias nos tres acontecementos do Ano Xubilar, dedicados particularmente a eles: **Xubileu dos mozos (27 de xullo-3 de agosto)**, **Xubileu dos catequistas (26-28 de setembro)**, **Xubileu das familias (30 de maio-1 de xuño)**.

5. Clausura do Xubileo na diocese.

De acordo co establecido polo Santo Pai Francisco, na Bula *Spes non confundit*, o Ano Xubilar concluirá nas Igrexas particulares o domingo 28 de decembro de 2025, cunha solemne celebración eucarística na Igrexa Catedral, en acción de grazas ao Señor por todo o que desexa darnos neste ano especial de oración e conversión.

O Ano Xubilar ofrece a todos a oportunidade de percorrer un camiño para o fortalecemento da fe, renovación da vida cristiá, e de crecemento na aspiración á santidad de vida.

Esperamos que a celebración gozosa deste ano Xubilar sexa unha ocasión propicia para atoparnos co Señor, converter o noso corazón e renovar a



O ARCEBISPO
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

nosa fe e pertenza á Igrexa. Oxalá prenda o noso corazón de amor a Deus, á Igrexa e aos irmáns, e nos faga testemuñas vivas e decididas do amor de Dios, comprometidos, no exercicio da caridade, cos máis desfavorecidos.

Dado en Santiago de Compostela, a vinte e sete de decembro de dous mil vinte e catro, festa de San Xoán Apóstolo e Evanxelista.



+ Fco. J. Prieto
Arcebispo de Santiago

Por mandato da Súa Excia. Rvdma.

Eduardo Tempeanu